



# IX Torneo Fútbol 11 UD Ribera

## Categoría INFANTIL

Sábado 20 de Abril de 2019

Campo A Mata (O Rosal)

GRUPO A	GRUPO B
EF PORTERO 2000	ERIZANA CF
AROSA SC	CD CHOCO
UD RIBERA	OURENSE CF
ATL RIVEIRA	AJ LÉREZ

FASE DE GRUPOS		
HORA		Resultado
09:00	UD RIBERA EF PORTERO 2000	
10:10	AROSA SC ATL RIVEIRA	
11:30	UD RIBERA AROSA SC	
12:05	EF PORTERO 2000 ATL RIVEIRA	
15:15	ATL RIVEIRA UD RIBERA	
15:50	EF PORTERO 2000 AROSA SC	
SEMIFINALES		
17:45	1ºA2ºB	
18:20	1ºB2ºA	
Resultad 3ER Y 4º PUESTO		
19:00		
FINAL		
19:30		
ENTREGA DE TROFEOS		

\* Vencedor por penaltys

### Modalidad Fútbol 11

- Fase Grupos Partidos de 1 tiempo de 30' minutos

## 1.- REGULAMENTO DO TORNEO

O IX Torneo Fútbol Infantil U.D. Ribera rexerá polo regulamento FIFA da Federación Española de Fútbol (FEF).

## 2.- CATEGORÍA

As categorías participantes comprenden os xogadores nados nos anos 2005 e 2006.

## 3.- ESTRUCTURA E DURACIÓN DOS PARTIDOS

**Fase clasificatoria:** Dividiranse os equipos en dous grupos de catro equipos, onde xogarán **partidos de 1 tempo de 30 minutos**. Os partidos con resultado favorable puntuaranse con 3 puntos, os empatados con 1 punto e os perdidos con 0. Clasificaranse para a fase final o 1º e 2º clasificado de cada grupo. En caso de empate a puntos, estará por diante o equipo que vencera no enfrontamento directo, en caso de persistir o empate calcularase o que teña mellor golaverage (diferenza entre goles a favor e en contra); no caso de persistir o empate, o equipo que teña máis goles a favor. Si hay empate total unha tanda de tres penaltis.

**Semifinais:** Os emparellamentos de semifinais serán 1º dun grupo A contra o 2º do outro grupo, e viceversa.

**3º/4º Posto:** Decidirase en tanda de 3 penaltis por equipo.

**Final:** Os vencedores da semifinais se enfrontarán a un **partido de dous tempos de 20 minutos** cun descanso de 5 minutos. En caso de empate decidirase a penaltis (3 penaltis por equipo).

## 4.- NÚMERO DE XOGADORES E SUPLENTES

Un equipo poderá inscribir hasta un máximo de 20 xogadores. Tamén se deberán inscribir na acta dúas persoas do corpo técnico. Poderanse facer tódalas substitucións que se queiran durante o partido, non podendo voltar a entrar no campo o xogador substituído. Apelando ó espírito deportivo dos equipos, esperamos que non se recorra os cambios nos últimos minutos para perder tempo.

## 5.- DOCUMENTACIÓN

30 minutos antes do primeiro partido os delegados deberán entregar as fichas federativas, libro de familia, DNI ou pasaporte de cada xogador, adestrador e delegado na oficina da organización. Estes documentos deberán de ser orixinais.

Entregarase tamén a folla de relación de xogadores de cada equipo, documento que lle entregará a organización (por email) a cada equipo antes do inicio do torneo. A ser posible, debe ser reenviadas a organización, debidamente cuberta, polo mesmo medio. A alineación escribirase na Acta do partido que sempre estará en poder do delegado de campo.

## 6.- EQUIPACIÓN

Todas as camisetas estarán provistas de números e estes deberán coincidir coa acta do partido. Os números deberán colocarse nas costas.

No caso de coincidir dúas equipaxes, sortearase quen dos equipos ten que poñer petos.

## 7.- PUNTUALIDADE

Os horarios levaranse en estricta rigorosidade. Os equipos deben de estar preparados 5 minutos antes do comezo do partido. Se non fora así e a organización entendera que non hai causa xustificada, o partido daríase por perdido o infractor con resultado de 3-0.

## 8.- SANCIONES – RÉXIME DISCIPLINARIO

O xogador que sexa expulsado do terreo de xogo con tarxeta vermella directa será suspendido para xogar o seguinte partido. O xogador que o longo do torneo acumule dúas tarxetas amarelas será suspendido para o seguinte encontro. Estas tarxetas son

acumulables durante todo o torneo (Exceptuando a final, donde non contarán a acumulación de tarxetas). A organización reservase a facultade de aumentar a sanción se considera grave o moi grave o comportamento do sancionado.

Os delegados dos equipos serán responsables da actitude e comportamento dos seus xogadores cara os árbitros, compañeiros, adversarios, público, organización e material das instalacións deportivas (vestiarios, instalacións, terreos de xogo,...)

#### **9.- INSCRICIÓN DE XOGADORES**

Todo os xogadores deberán estar inscritos na folla de relación de xogadores dende o comezo do torneo, non permitindo a inclusión de novos xogadores durante o transcurso do mesmo.

#### **10.- ÁRBITROS**

Tódolos partidos do torneo serán dirixidos por árbitros federados pertencentes ó Colexio de Árbitros. O arbitro será a máxima autoridade no terreo de xogo, terá o poder de suspender o partido en caso de ver algunha actitude negativa no comportamento dun equipo.

#### **11.- RECLAMACIÓNS**

As protestas ou reclamacións deberán de entregarse por escrito ó delegado de campo antes de transcorrer 60 minutos dende a finalización do partido en cuestión. Tódalas decisións do comité de competición son inapelables e tódolos participantes deberán respectar estas decisións sen excepción.

#### **12.- SEGUROS**

Tódolos delegados teñen que ter asegurados os seus xogadores dentro e fóra dos terreos de xogo. Tódolos participantes deberán traer consigo a tarxeta da seguridade social ou do seguro privado. O comité organizador non se responsabilizará de lesións, enfermidades, pérdidas ou roubos.

Todo incidente ou lesión durante o torneo farase cargo o equipo coas súas fichas federativas e a correspondente mutualidade.

#### **13.- CESIÓN DE IMAXES**

Os clubs participantes permitirán a obtención de fotografías durante o día do torneo, a xogadores e corpo técnico para uso exclusivo da organización.